

DECRETO NÚMERO 14004105 DO 28/04/2014

Excmo. Sr. Don JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO.- Alcalde Presidente do Excmo. Concello.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de marzo de dous mil catorce, adoptou, entre outros, o acordo número 12/196, relativo a APROBACIÓN DAS BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA TEMPORAL DE PRAZAS DE AUXILIAR DO FOGAR.

Por todo o que, esta Alcaldía, en uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local polo artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como en virtude do acordo de dito órgano nº 16/388, do 29 de maio de 2013, e do Decreto número 13008312, do 30 de agosto de 2013, modificado polo número 14003100, do 31 de marzo de 2014, **RESOLVE:**

Primeiro.- Convoca-lo proceso selectivo para a cobertura temporal de prazas de Auxiliar do Fogar, co obxecto de dispor dunha lista dende a que se irá chamando os/as candidatos/as pola orde de puntuación obtida por cada un/unha deles, cando sexa necesario proceder a realizar unha contratación laboral temporal para cubrir as necesidades que poidan xurdir nesta categoría, nos supostos previstos na Lei de orzamentos xerais do Estado e de acordo coas bases que a continuación se transcriben:

“1.- REQUISITOS DAS/OS ASPIRANTES:

As e os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se sinalan na data de finalización do prazo de presentación de instancias, tendo en conta que no prazo de corrección de defectos unicamente poderá corrírse o requisito da non presentación do DNI e da titulación.

Para ser admitida/o a esta convocatoria, as persoas aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

a) Ser español/a ou nacional dos demais estados membros da Unión Europea. Así mesmo, poderán participar no proceso selectivo as persoas estranxeiras que reúnan a condición de cónxuxes de persoas españolas ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas/os de dereito, e as e os seus descendentes e as e os do seu cónxuxe menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.

As mesmas regras aplicaranse, se é o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es.

b) Estar en posesión do certificado de escolaridade ou título superior ou equivalente.

PERSOAL

MLP/cta

Refª: 14drconvcobtempauxiliardofogar.doc

Asunto: convocatoria proceso selectivo

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitada/o ou en situación equivalente nin ter sido sometida/o a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

e) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o normal exercicio da función.

2.- ÁMBITO DE PUBLICIDADE:

O anuncio de convocatoria farase público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo.

3.- PRAZOS E REQUISITOS DE FORMA NA PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS:

As persoas que desexen tomar parte neste proceso deberán facelo constar na instancia que lles será facilitada no Rexistro Xeral do Concello. As instancias dirixiranse ó Excmo. Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Lugo, e nelas farase constar expresa e detalladamente ademais dos datos persoais da persoa solicitante que se reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base 1.

Prazo de presentación: o prazo de presentación de instancias será de dez días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día coincidise en sábado ou festivo o prazo quedará prorrogado ata o seguinte día hábil inclusive.

Lugar de presentación: a presentación de instancias realizarase no Rexistro Xeral do Concello ou a través da vía establecida no artigo 38 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Documentación que hai que presentar xunto coa instancia. As instancias terán que vir acompañadas dos seguintes documentos:

a.- Fotocopia compulsada do DNI

b.- Fotocopia compulsada da titulación esixida.

c.- Fotocopia compulsada de toda a documentación que poida serlle puntuada neste proceso.

4.- SISTEMA DE SELECCIÓN:

Consistirá en dúas fases:

A) Realización dunha proba escrita co seguinte temario:

PERSOAL

MLP/cta

Refª: 14drconvcobtempauxiliardofogar.doc

Asunto: convocatoria proceso selectivo

- Centros de acollida para mulleres vítimas de violencia. Concepto. Tipos. Requisitos (orde do 1/4/1997. DOG 21/5/97)
- Regulamento Regulador dos Pisos de Acollida a Mulleres (BOP 22/10/93)
- Actividades relacionadas coa xestión e funcionamento da unidade convivencial. Actividades profesionais principais: plan de actuación, comprobación do estado dos alimentos, produtos de limpeza e hixiene, menús e elaboracións culinarias, limpeza a domicilio, electrodomésticos e seguridade domiciliaria.
- Funcións do persoal auxiliar dos pisos de acollida.
Esta proba terá carácter eliminatorio. Máximo: 15 puntos.
A persoa aspirante que non supere esta fase non pasará á seguinte.
B) Baremo de méritos: non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición. O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito. Máximo: 10 puntos.
Baremo de méritos:
 - a) Experiencia profesional, ata un máximo de 4 puntos:
 - Servizos realizados na mesma categoría e posto similar ó que se convoca na Administración local, e referidos ós últimos 10 anos: 0,051 por cada mes completo ou fracción superior a 15 días. Para acreditar estes traballos, as persoas interesadas deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate -excepto aquelas persoas aspirantes que traballaron no Concello de Lugo, as cales unicamente terán que facelo constar na súa instancia de participación no proceso selectivo e non terán que presentar a certificación a que fai referencia este parágrafo-, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do nomeamento ou contrato de traballo suscrito para o efecto. De non se presentar a citada documentación, ou se se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.
 - Servizos realizados na mesma categoría e posto similar ó que se convoca nunha Administración pública (Estado, comunidades autónomas, provincia ou municipio) e referidos ós últimos 10 anos: 0,023 por cada mes completo ou fracción superior a 15 días. Para acreditar estes traballos as persoas interesadas deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada no nomeamento ou contrato de traballo suscrito para o efecto. De non se presentar a citada documentación, ou se se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.
 - Servizos realizados na mesma categoría e posto similar ó que se convoca na empresa privada e referidos ós últimos 10 anos: 0,012 puntos por mes. Para acreditar estes traballos as persoas interesadas deberán presentar a vida laboral, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do contrato de traballo suscrito para o efecto. De non se presentar a citada documentación ou se se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.
 - b) Titulación:

PERSOAL

MLP/cta

Refª: 14drconvcobtempauxiliardofogar.doc

Asunto: convocatoria proceso selectivo

Pola titulación académica que se posúa, computarase unicamente o título de maior nivel dos alegados e ata un máximo de 0,50 puntos. Non será puntuada a titulación esixida para a praza á que se opta:

- Título de graduado escolar, educación secundaria obrigatoria, formación profesional de 1º grao, ciclo medio ou equivalente: 0,25 puntos.

- Título de bacharelato superior, formación profesional de 2º grao ou ciclo superior ou equivalente: 0,50 puntos.

c) Formación:

Por cursos relacionados coa actividade que se vai desenvolver, impartidos pola Administración ou homologados, ata un máximo de 2 puntos. Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados:

- Menos de 15 horas: 0 puntos

- De 15 a 39 horas: 0,10 puntos

- De 40 a 79 horas: 0,20 puntos

- De 80 a 159 horas: 0,40 puntos

- Máis de 160 horas: 0,75 puntos.

d) Inscripción como demandantes de emprego:

Pola inscrición como demandante de emprego nos últimos tres anos, cun máximo de 1,20 puntos: 0,10 puntos por cada mes completo. As e os aspirantes deberán presentar unha certificación expedida polo INEM, acreditativa da citada inscrición e do tempo dela, e non terá validez, para estes efectos, ningunha outra documentación achegada (non será admitida como acreditación nin a tarxeta de demandante de emprego, nin a de renovación, nin o certificado de vida laboral, etc.). De non se presentar a citada certificación do INEM, a cualificación neste parágrafo será de 0 puntos.

e) Coñecemento do galego:

Pola realización ou validación, se é o caso, do curso de iniciación á lingua galega ou Celga 3: 0,50 puntos. E pola realización ou validación, se é o caso, do curso de perfeccionamento da lingua galega ou Celga 4: 1 punto. A puntuación máxima deste parágrafo será de 1 punto.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

1) Puntuación pola orde dos parágrafos anteriores.

2) Solicitante de maior idade.

En todos os casos será requisito imprescindible a copia compulsada dos documentos que acrediten os méritos que alega o aspirante.

5) As persoas integrantes das listas que foran avisadas, con constancia do feito, para facer efectiva a súa contratación e renunciem a ela ou non respondan ó chamamento tras sucesivas chamadas, pasarán a ocupar o último posto da lista. O chamamento das persoas aspirantes para traballar realizarase dende as de maior puntuación, podendo repetirse o chamamento cando sexa preciso cubrir novas prazas, ata que se acade o ano de traballo.”

Segundo.- Que se proceda a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose saber que esta resolución pon fin á vía administrativa e



Concello de Lugo

PERSOAL

MLP/cta

Refª: 14drconvcobtempauxiliardofogar.doc

Asunto: convocatoria proceso selectivo

contra ela caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da súa notificación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo ou, á elección do interesado, ante o da circunscrición onde teña o seu domicilio. Malia o anterior, e con carácter previo e potestativo, poderá interpoñer recurso de reposición, no prazo de UN MES, contado dende o seguinte á notificación da presente resolución, sen prexuízo de que vostede interpoña calquer outro recurso que estime procedente en Dereito.

Cúmprase.



MURALLA
patrimonio da humanidade